

Ruta Monumento Natural de las FOCES DE EL PINO - PR AS 31

Hoxe sábado 9 de xullo, toca voltar a terras asturianas, tempo de verán e saímos 30 sendeiristas as sete e media da mañá con destino preto da estación de esquí de San Isidro na montaña central asturiana, no Val de Aller, despois de 3 horas de viaxe baixamos do bus medio quilometro antes de chegar A Felechosa, pobo de aloxamento pos amantes do deporte da neve, neste mes de verán aquí é tempada baixa, atopamos a metade da hostalería pechada.

A media mañá dende o pobo de Pola del Pino, arrincamos un roteiro de ida e volta de uns 7 kms para salvar un desnivel de 350 mts, ascendendo continua e progresivamente, todo o camiño é costa arriba por pistas anchas en bon estado, ata chegar as foces a 3 kms aproximadamente, pasando pola fonte da saúde e despois pola das gavilanceras. Unha vez que chegamos o cartel indicativo das foces, a pista tornase empedrada en forma de calzada romana, con bo firme algo esbaradizo e costas arriba que sorteian a ribeira do río Valmartín. Atopámonos no fondo dun desfiladeiro estreito e impresionante, declarado Monumento Natural dende o ano 2001, de 450 mts. de longo, de gran beleza e que se formou polo desgaste do río Valmartín contra a pena caliza, deixando o seu paso moitas fervezas que son un verdadeiro agasallo para os sentidos. Rematado o desfiladeiro, chegamos a un cruce, ben sinalizado, a esquerda continúa a ruta PR AS-31 hacia Caniella e a dereita temos a opción para chegar a Peña Redonda, calquera delas fora das nosas modestas posibilidades. Xa que o noso obxectivo era ver as foces, nos optamos por voltar sobre os nosos pasos, costa abaixo todos os santos axudan, para rematar unha esplendida e calurosa xornada sen presa, na que é máis importante o percorrido que a meta, na apreciada compañía dos nosos amigos, veciños e paisanos, xuntándonos para xantar no merendeiro casa Kiko, non sen antes de darnos un baño no río San Isidro.

Jacinto Rivas